

**23 de marzo:** Para estas dúas semanas, vouvos facer unha proposta de traballo globalizado, un proxecto sobre cada un dos nenos, que podedes ir facendo pouco a pouco, nas fichas que adxunto ou en folios poñéndolle o título. Xa fixemos algunhas páxinas na clase. Nestes días ireivos poñendo a temporalización recomendada para ir facendo pouco a pouco, sen agobiarse. Pero se tendes outras actividades educativas para facer cos vosos fillos, adiante! Recollédeas no Diario coa data, un pequeno texto e un debuxo ou foto da actividade:

### SOMOS DIFERENTES, SOMOS IGUAIS

En matemáticas seguíde coas fichas que xa vos puxen, e co xogo con material manipulativo.

**22 de marzo:** Recibidas as vosas queixas e preocupacións polo exceso de actividades propostas, quero insistir en que moitas son só iso, propostas, para que os nenos teñan cousas para facer. Non vos agobiedes, nin agobiedes aos nenos, o importante cando acabe isto será a saúde mental de todos nós. De todas formas é convinte ter unha rutina de traballo escolar diario, con estas propostas ou outras que se vos ocorran. Recollede no DIARIO o que vos pareza máis interesante, para levar ao cole cando volvamos. **Sábado e domingo, descansan**, se queren.

### **MÍNIMOS:**

- LECTURA: ler todos os días
- ESCRITURA: deben escribir algo no DIARIO todos os días e facer debuxo ou pegar foto de algo interesante que fixeron.
- MATEMÁTICAS: Algunha tarefa : sumas, restas, problemas... con obxectos (galletas, garbanzos, monequiños, Super Zings, bolas, etc) e pasar as contas ao diario.

Recopilade todo o material que os nenos/as fan para traelo ao cole cando volvamos.